

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, M^a Soledad Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Tribunal Supremo emitiu recentemente dúas sentenzas nas que se constata que a corrección das oposicións, para a consolidación de emprego do corpo superior da Xunta, desenvolvidas en 2010 realizouse de forma “discrecional” sen unha “valoración razoada das puntuacións outorgadas a cada candidato”. O Supremo, a instancia de dúas opositoras prexudicadas, critica que o Goberno galego “subtraeu ao coñecemento da recorrente” e “deste tribunal” os criterios previos que supostamente seguiu á hora de valorar os exames.

O Supremo considera que nas oposicións de 2010 o exame teórico avalíase de forma correcta, pero non así o práctico, que cualifica como “proba decisiva” para o resultado final do proceso selectivo. O alto tribunal critica que o “guión” para a corrección do exame, “que deba ser o instrumento para poder contrastar a corrección da cualificación outorgada polo Tribunal, non figura no expediente, non foi recollido nas actas nin foi posto de manifesto como consecuencia das impugnacións efectuadas”. Por iso, di, “non pode extraerse unha valoración razoada das puntuacións outorgadas” e prodúcese unha “ausencia de criterios obxectivos”.

As dúas sentenzas do Supremo veñen revogar resolucións previas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), que rexeitara recursos previos de sendas opositoras e validara o proceder da Xunta. Agora o Supremo ordena que, a proba realizada por unha das candidatas que recorreu, volva ser valorada polo tribunal da oposición “ordenando procédase a unha nova cualificación da recorrente, deixando constancia do contido do guión elaborado polo tribunal cualificador do que deriva a solución mínima, que a xuízo do mesmo debería darse a cada unha das preguntas que se formulan e especificando a puntuación que se

Grupo Parlamentario

outorga á recorrente en cada unha das probas e as razóns que conducen a outorgar a devandita puntuación”. O Supremo establece que se a recorrente obtén a puntuación necesaria “inclúaselle na relación de aprobados coas consecuencias legais exclusivamente para a recorrente que diso derívense, sen que tal decisión afecte o resto dos opositores aprobados”.

Na outra sentenza, o Supremo pide ao TSXG que volva xulgar o caso, pero admitindo antes unha proba pericial pedida pola outra recorrente para demostrar se o tribunal incorreu en erro ou arbitrariedade ao avaliar o seu exame.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas:

- 1.^a) Qué valoración fai o Goberno galego das sentenzas emitidas polo Tribunal Supremo dos procesos selectivos do ano 2010 para a consolidación de emprego do corpo superior da Xunta de Galicia?
- 2.^a) Tendo en conta as sentenzas emitidas polo Tribunal Supremo, qué medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia para acatar as mesmas e dar dese xeito resposta ás reclamacións presentadas polos aspirantes?
- 3.^a) Qué medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia para evitar que no futuro se repitan arbitrariedades nos procesos selectivos da Administración autonómica como das que xa alertou o Tribunal Supremo en varias sentenzas?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
M^a Soledad Soneira Tajés
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 07/04/2016 11:59:09



Grupo Parlamentario

María Soledad Soneira Tajés na data 07/04/2016 11:59:16

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 07/04/2016 11:59:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia
